



Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña (CIF: V 15859481)

Incoación do expediente para a aprobación da Conta Xeral de 2023:

Logo de considerar:

- 1º. Que rematado o exercicio económico e contable de 2023 e de conformidade co disposto polo art. 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, esta Presidencia procedeu, previos os trámites oportunos, a prestar aprobación da Liquidación correspondente ao Orzamento do citado exercicio de 2023, Estando pendente de toma de razón polo Pleno do Consorcio, tal e como require dito texto legal.
- 2º. Que consonte dispón o art. 212.1 dese mesmo texto, os estados e contas da entidade deben renderse pola Presidencia antes do día 15 de maio do exercicio correspondente polo que cumpre realizar os trámites precisos para se facer efectivo dita obriga no prazo legalmente requirido.
- 3º. Que, aos efectos do indicado nos apartados anteriores, achase elaborada a seguinte documentación que integra a Conta Xeral de 2023:
 1. Balance.
 2. Conta do Resultado económico - patrimonial.
 3. Estado de liquidación do Orzamento.
 4. Estado de cambios no patrimonio neto.
 5. Estado de fluxos de efectivo.
 6. Parcial da Memoria.
 7. Acta de arqueo a 31.12.2022.

En consecuencia, e sobre a base dos antecedentes e normativa que precede, así como da documentación que se cita, mediante o presente

dispoño :

- 1º. Incoar o expediente para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2023.
- 2º. Solicítase da Secretaría - Intervención desta Entidade:
 - a) Nas súas funcións de Secretaría:



Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña
(CIF: V 15859481)

A emisión do oportuno informe comprensivo do procedemento a seguir para a aprobación da indicada Conta con indicación dos documentos que haberán de integrar dita Conta e demais elementos precisos en orde á rendición da mesma

- b) Nas función de intervención e contabilidade:
A formación, ordenación da Conta, a unión dos documentos que á mesma proceda e, finalmente, o informe que da mesma se deduxa.

Así o mando, suscribo e asino, para constancia, cumprimento e unión co expediente en Carballo, na data da sinatura dixital

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso.



COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL

Sesión extraordinaria do 23 de maio de 2024.

Preside: José Ramón Rioboo Castro

Deputados/as

Asistentes:

Ángel García Seoane	AVV
Avia Veira González	BNG
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Diana Piñeiro Fernández	PP
Izaskun García Gorostizu	PP
José Manuel Caamaño López	PP
María Del Mar Méndez Vilela	PP
Miguel Lorenzo Torres	PP
José Manuel Lage Tuñas	PSOE
María Del Mar García Vidal	PSOE
Rosa Ana García López	PSOE

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
Marcial Rodríguez Toajas (Interventor adxunto)
Miguel Iglesias Martínez (Oficial Mayor)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2023.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2023 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

O presidente: José Ramón Rioboo Castro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Exposición pública conta xeral orzamento exercicio 2023

ANUNCIO

Exponse ao público a conta xeral do orzamento do exercicio 2023 deste Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, ditaminada pola Comisión Especial de Contas do día 23 de maio de 2024, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e na Regra 49 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013.

A devandita conta quedará exposta na Secretaría - Intervención do Consorcio por un prazo de (15) días, a contar desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante estes, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Carballo, 30 de maio de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

2024/3776



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA CIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 - CARBALLO (A Coruña) - Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

ASUNTO: Certificado de exposición pública da Conta Xeral 2023 e resultado
EXPEDIENTE: 2024/T017/000001

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA, SECRETARIA-INTERVENTORA, DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do expediente que se está a tramitar para a aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, resultan, que respecto da exposición pública da devandita Conta e o resultado respecto da presentación de reclamacións, reparos ou observacións, os extremos seguintes:

1. Que en sesión do día 23 de maio de 2024, xuntouse a Comisión Especial de Contas deste Consorcio, emitindo informe favorable sobre a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico e contable de 2023 e dispoñendo o inicio dos trámites recollidos ao efecto polo art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a regra 49 da Instrucción de Contabilidade Modelo Sical Normal aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.
2. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 107 de data 04 de xuño de 2024, apareceu inserido o anuncio ao que fai referencia o apartado 3 do artigo 212 LRFL.
3. Que, na mesma data anterior, inseriuse copia do anuncio citado no Taboleiro de Anuncios do Consorcio.
4. Que, en concordancia coa citada data de publicación, o prazo de exposición pública da devandita Conta, transcorreu, desde o día 5 de xuño de 2024 ata o día 27 de xuño de 2024 (ámbolos dous incluídos).
5. Que o prazo de presentación de reclamacións polos interesados lexítimos, era dos quince días anteriores, transcorrendo, na súa consecuencia, desde o día 5 de xuño de 2024 ata o día 27 de xuño de 2024 (ámbolos dous incluídos).
6. Que durante o prazo ao que se fai referencia no apartado que precede e ata o da data da emisión do presente documento, non consta no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Consorcio, a presentación de reclamación, alegación, reparo ou observación ningún contra a devandita Conta Xeral ou o seu expediente.

E, para que así conste e na unión co expediente de orixe xurda os seus debidos efectos, emito a presente Certificación, en cumprimento do disposto polo art. 3.2.f) do texto aprobado polo Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, de orde e co visto e prace do Sr. Presidente, en Carballo, na data que figura á marxe.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso



COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL

Sesión extraordinaria do 17 de xullo de 2024.

Preside: José Ramón Rioboo Castro

Deputados/as

Asistentes:

Avia Veira González	BNG
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Diana Piñeiro Fernández	PP
Izaskun García Gorostizu	PP
José Manuel Caamaño López	PP
María Del Mar Méndez Vilela	PP
Roberto Rey Martínez	PP
Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Eudoxia María Neira Fernández	PSOE

Escusado:

Ángel García Seoane	AVV
María Del Mar García Vidal	PSOE

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
Juan Bautista Suárez Ramos (Interventor adxunto)
Miguel Iglesias Martínez (Oficial Mayor)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2023.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2023, na que se incluíu o informe definitivo de auditoría sobre as contas anuais do 2023 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

O presidente: José Ramón Rioboo Castro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que no PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2024, deuse conta do seguinte asunto:

18. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2023.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2023, na que se incluíu o informe definitivo de auditoría sobre as contas anuais do 2023 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario accidental: Miguel Iglesias Martínez (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)



D / D^a Valentín González Formoso, Presidente/a de Diputación Provincial A Coruña, remito a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2023, coñecida pola Entidade local no Pleno do 27 de xuño de 2024, cumprido o procedemento establecido nos artigos 201 e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRHL, na forma e coa documentación adicional a que se refire a Instrucción do Tribunal de Contas, aprobada mediante Acordo de 26 de novembro de 2015 adoptada polo seu Pleno, pola que se regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas, desde o exercicio 2015.

En Coruña, A, a 10 de setembro de 2024.

O Presidente/a de Diputación Provincial A Coruña

Asdo.: Valentín González Formoso

A información relativa á devandita conta, nos termos indicados polo apartado SEXTO da Resolución da IGAE de 13 de novembro de 2015, pola que se recomenda o formato normalizado das Contas Xerais das Entidades Locais en soporte informático (BOE de 20 de novembro), queda contida nos seguintes ficheiros:

P1500000C_2023_NOR_CUENTAS-ANUALES_VRS1.xml
cuyo MD5 es dc160aa5153302795c265398783ac083,
P1500000C_2023_INCIDENCIAS_ENTIDAD_VRS1.xml,
P1500000C_2023_NOR_MEMORIA-ADICIONAL_VRS1.xml,
P1500000C_2023_CUENTAS-CONSOLIDADAS_VRS1.xml,
P1500000C_2023_NOR_DC- TESORERIA_VRS1.pdf, P1500000C_2023_NOR_DC-
MEMORIAS_VRS1.pdf, P1500000C_2023_NOR_DC-CERTIFICADO-
APROB_VRS1.pdf, V15859481_2023_NOR_CUENTAS-
ANUALES_VRS1.xml cuyo MD5 es 14fd91ba23a90b68be7f56a27a3d9071,



V15859481_2023_NOR_MEMORIA-ADICIONAL_VRS1.xml,
V15859481_2023_NOR_DC-TESORERIA_VRS1.pdf, V15859481_2023_NOR_DC-
INFO_AUDITORIA_VRS1.pdf, V15859481_2023_NOR_DC-
MEMORIAS_VRS1.pdf, G70053087_2023_NOR_CUENTAS_FUND_VRS1.xml,
G70053087_2023_MEMORIA_VRS1.pdf,
G70053087_2023_INFO_AUDITORIA_VRS1.pdf.



Rendición de Cuentas

Justificante de Envío

La Cuenta General de A Coruña con NIF P1500000C, del ejercicio 2023 ha sido recibida correctamente.

Fecha: 10/09/2024 14:27:00

Número de Registro: 2024-E-RC-1550

Envío realizado por el usuario : 32449998B



Entidade : DEPUTACIÓN DE A CORUÑA
NIF : P1500000C
Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rende-las súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2023 , feitas as comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todos os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 6 de marzo do 2020 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunícolle que se apreciaron as incidencias que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

-No certificado da aprobación da Conta Xeral que asina o secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña debería incluírse unha referencia a todas as entidades que integran o perímetro local, polo debería incluírse a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

- Non consta na documentación complementaria da Conta Xeral o informe de auditoría de contas do Consorcio Contra Incendios e Salvamento Provincial da Coruña no que se exprese a opinión sobre as contas anuais, que é obrigatorio de acordo co disposto no artigo 29.3.A) do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril.

-Non constan cubertos na súa totalidade os distintos apartados da nota 27 da memoria da Deputación Provincial nen da memoria do Consorcio Contra Incendios e Salvamento Provincial da Coruña: indicadores de eficacia, eficiencia e economía

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con incidencias que afectan ao seu contido e á documentación complementaria que a debe acompañar, con data 10/09/2024 .

Polo que ao abeiro do previsto no artigo 42 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), concédeselle un prazo de quince días hábiles para que proceda, no seu caso, á emenda das incidencias sinaladas. Esta emenda deberá realizarse de acordo co procedemento telemático previsto na devandita Instrución do Consello de Contas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Simón Rego Vilar
Conselleiro da Área de Corporacións Locais.





INCIDENCIAS

Conta Xeral do exercicio 2023 da Entidade Diputación Provincial A Coruña (A Coruña)

INCIDENCIAS NAS CONTAS ANUAIS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Diputación Provincial A Coruña (NIF: P1500000C)
15) Memoria. Transferencias, subvenciones y otros ingresos y gastos
6. Memoria. 15 Transferencias, subvenciones y otros ingresos y gastos. El importe total de transferencias y subvenciones concedidas reflejado en el apartado "15.2) Transferencias, subvenciones y otros ingresos y gastos. Transferencias y subvenciones concedidas" de la Memoria, no coincide con el importe del epígrafe "B) 9. Transferencias y subvenciones concedidas" de la Cuenta del resultado económico patrimonial. Errores detectados: 139,117,129.26 no es igual a 139,166,506.86 Esta incidencia se ha dado también durante los 2 ejercicios anteriores.
Documentación complementaria. Memoria justificativa del coste y rendimiento de los servicios públicos y memoria demostrativa
4. Documentación complementaria. Memoria justificativa del coste y rendimiento de los servicios públicos. En el «pdf» que contiene la documentación complementaria relativa a las Memorias no consta la Memoria demostrativa del grado de cumplimiento de los objetivos, exigida por la Regla 48.3 de la Instrucción del Modelo Normal de Contabilidad Local.
Consorcio Contra Incendios e Salvamento Provincial da Coruña (NIF: V15859481)
Documentación complementaria. Memoria justificativa del coste y rendimiento de los servicios públicos y memoria demostrativa
4. Documentación complementaria. Memoria justificativa del coste y rendimiento de los servicios públicos. En el «pdf» que contiene la documentación complementaria relativa a las Memorias no consta la Memoria demostrativa del grado de cumplimiento de los objetivos, exigida por la Regla 48.3 de la Instrucción del Modelo Normal de Contabilidad Local.





D / D^a Valentín González Formoso, Presidente/a de Diputación Provincial A Coruña, remito a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2023, coñecida pola Entidade local no Pleno do 27 de xuño de 2024, cumprido o procedemento establecido nos artigos 201 e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRHL, na forma e coa documentación adicional a que se refire a Instrucción do Tribunal de Contas, aprobada mediante Acordo de 26 de novembro de 2015 adoptada polo seu Pleno, pola que se regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas, desde o exercicio 2015.

En Coruña, A, a 16 de outubro de 2024.

O Presidente/a de Diputación Provincial A Coruña

Asdo.: Valentín González Formoso

A información relativa á devandita conta, nos termos indicados polo apartado SEXTO da Resolución da IGAE de 13 de novembro de 2015, pola que se recomenda o formato normalizado das Contas Xerais das Entidades Locais en soporte informático (BOE de 20 de novembro), queda contida nos seguintes ficheiros:

P1500000C_2023_NOR_CUENTAS-ANUALES_VRS1.xml
cuyo MD5 es dc160aa5153302795c265398783ac083,
P1500000C_2023_INCIDENCIAS_ENTIDAD_VRS2.xml,
P1500000C_2023_NOR_MEMORIA-ADICIONAL_VRS1.xml,
P1500000C_2023_CUENTAS-CONSOLIDADAS_VRS1.xml,
P1500000C_2023_NOR_DC- TESORERIA_VRS1.pdf, P1500000C_2023_NOR_DC-
MEMORIAS_VRS2.pdf, P1500000C_2023_NOR_DC-CERTIFICADO-
APROB_VRS2.pdf, V15859481_2023_NOR_CUENTAS-
ANUALES_VRS1.xml cuyo MD5 es 14fd91ba23a90b68be7f56a27a3d9071,



V15859481_2023_NOR_MEMORIA-ADICIONAL_VRS1.xml,
V15859481_2023_NOR_DC-TESORERIA_VRS1.pdf, V15859481_2023_NOR_DC-
INFO_AUDITORIA_VRS2.pdf, V15859481_2023_NOR_DC-
MEMORIAS_VRS2.pdf, G70053087_2023_NOR_CUENTAS_FUND_VRS1.xml,
G70053087_2023_MEMORIA_VRS1.pdf,
G70053087_2023_INFO_AUDITORIA_VRS1.pdf.



Rendición de Cuentas

Justificante de Envío

La Cuenta General de A Coruña con NIF P1500000C, del ejercicio 2023 ha sido recibida correctamente.

Fecha: 21/10/2024 11:31:00

Número de Registro: 2024-E-RC-1886

Envío realizado por el usuario : 32449998B



2024000005517

ASUNTO:

**ALEGACIÓNS ÁS INCIDENCIAS DETECTADA POLO CONSELLO DE
CONTAS DE GALICIA CON RESPECTO Á CONTA XERAL DO EXERCICIO
2023.**

Con data de 15 de outubro foi recibido no Rexistro xeral da Deputación un escrito asinado polo Conselleiro da Área de Corporacións locais, no que se poñen de manifesto as incidencias detectadas no exame da Conta Xeral de 2002, que teñen dado o resultado de “*conta rendida con incidencias*”.

No devandito escrito, ao abeiro do disposto no artigo 42 do Regulamento de Réxime interior do Consello de Contas de Galicia, concédese un prazo de quince días hábiles para que se proceda, no seu caso, á emenda das incidencias indicadas.

Pois ben, no prazo conferido para o efecto, procédese a contestar a cada unha das incidencias detectadas, co fin de que se poida dar por cumprida a obriga de rendición da Conta xeral de 2023 sen incidencia ningunha.

1º.- Certificado de aprobación da Conta xeral.

En dito certificado faise constar o acordo de aprobación da Conta xeral de 2023, que como se deduce do expediente electrónico tramitado para o efecto, está integrada pola Conta xeral da propia entidade, a do ente adscrito Consorcio de loita contra incendios e salvamento e da Fundación Axencia Enerxética provincial da Coruña (FAEPAC, que foi extinguida con efectos de 30 de xuño de 2023), nos termos esixidos polo artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (Real decreto lexislativo 2/2005, de 5 de marzo).



Mais para maior claridade, na data de hoxe tense achegado á Plataforma de rendición de contas a certificación na que se dá conta da aprobación da Conta do Consorcio de loita contra incendios e salvamento (punto 18 da orde do día da mesma sesión plenaria) e igualmente da Fundación Enerxética provincial (punto 17 da orde do día), ambas as dúas integradas coa Conta xeral da Deputación nos Estados consolidados da Conta xeral, que tamén se aproban expresamente polo Pleno da Corporación (punto 20 da orde do día da mesma sesión plenaria), facendo referencia expresa ao artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e á Regra 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.

2º.- Informe de auditoría de contas do Consorcio provincial contra incendios e salvamento.

Logo de revisar o ficheiro en formato XML que se achegou á Plataforma de rendición de contas, efectivamente puido comprobarse que non se integrara no mesmo o informe de auditoría de contas do Consorcio provincial contra incendios e salvamento, xa que por erro só foi achegado o informe IRCIA (Informe de recomendacións e complementario ao de auditoría).

Xa que logo, detectada esta omisión de carácter involuntario, xa se ten incorporado tamén á Plataforma o Informe de auditoría de contas, que estaba debidamente unido ao expediente electrónico de tramitación de aprobación da Conta xeral e que, por suposto, estivo ao dispor dos membros da Corporación con carácter previo ao acordo de aprobación definitiva.

Así as cousas, enténdese que se ten dado debido cumprimento ao disposto no artigo 29.3 A) do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril.



3º.- Os apartados da Nota 27 da Memoria da Conta da Deputación e da do ente adscrito Consorcio provincial contra incendios e salvamento.

Segundo o previsto na III parte da Plan xeral de contabilidade adaptado a Administración Local (Orde HAP 1781/2013, do 20 de setembro), no apartado 27 da Memoria defínense determinados indicadores de xestión (indicadores de eficacia, indicadores de eficiencia, indicadores de economía e indicador de medios de produción), podendo opcionalmente incluírse xa estes indicadores no Nota 26, xunto coa información relativa á actividade correspondente.

En calquera caso, o Plan indica que, polo menos, se emitan estes indicadores respecto aos servizos ou actividades financiados con taxas ou prezos públicos.

No caso da Deputación da Coruña, hai que partir da idea de que o núcleo central da súa función (asistencia xurídica, económica e técnica a municipios e asegurar a prestación efectiva dos servizos municipais mínimos e obrigatorios mediante a aprobación anual dun Plan de obras e Servizos) non está suxeita a taxa ou prezo público, beneficiándose coa execución da mesma por igual a toda a poboación da Provincia (son servizos públicos puros, ao non existiren prestacións individualizadas).

Pois ben, partindo da idea xeral exposta, tratouse de cumprimentar os indicadores requiridos en dita Nota 27 no tocante a aqueles servizos nos que, fóra daquela función nuclear, quedan rexistrados un número de usuarios, en canto estes teñen recibido unha prestación individualizada; con todo, na meirande parte das accións, os usuarios son todos os habitantes do territorio provincial, polo que se optou por deixar a cero este indicador.



No caso do indicador de prazo medio de espera, o dato está en todas as actividades a cero pola razón de que non se ten constancia de listas de esperas nos que se realizan prestacións individualizadas, pois con carácter xeral a atención é inmediata (biblioteca provincial, servizos educativos no IES Puga Ramón, servizo no Hogar Infantil Emilio Romay e outros); noutros servizos, non hai constancia de datos para determinar o prazo medio de espera, como é o caso da expedición de autorizacións administrativas para a realización de obras na zona de servidume das carreteras provinciais.

No tocante ao indicador de economía (Prezo ou custe de adquisición do factor de produción "x"/Prezo medio do produción "x" no mercado), entendemos que non resulta posible a súa aplicación nas actividades e servizos que vén prestando esta Deputación, ao non existir referencia ningunha nin datos para determinar o prezo medio do factor de produción no mercado, de xeito que non resulta posible obter este indicador.

4º.- Memoria. 15 Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.

Tal como se explica nesta Nota 15 da Memoria, efectivamente existe unha diferenza entre o dato que figura no apartado 15.2 e o apartado B) 9. Transferencias e subvencións concedidas da Conta do Resultado económico-patrimonial. Esta diferenza, por importe de 49.377,60 euros corresponde á cesión de uso ou propiedade por período superior á vida económica do ben, ás agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña de 10 scooters.



Nesta Deputación este gasto ten a consideración de investimento realizado para outros entes, polo que se imputa ao Capítulo 6 de gastos, polo que non aparece entre as obrigacións recoñecidas con cargo ao Capítulo 7, de xeito que non se recolle no Nota 15.2 da Memoria, pero si que figura o cargo correspondente na Conta 6511 e, na súa consecuencia, dito importe está computado no apartabo B) 9. Transferencias e subvencións da Conta do resultado económico-patrimonial.

5º.- Memoria xustificativa do custe e rendimento dos servizos públicos.

Esta Memoria foi redactada tanto para a propia Deputación como para o Consorcio Provincial contra incendios e salvamento, uníndose aos seus respectivos expedientes.

Unha vez recibido este requirimento, ambas as dúas Memorias xa están subidas á Plataforma de rendición de contas, podendo ser descargadas e consultadas.

En virtude do exposto nestas aclaracións, achegada á Plataforma de Rendición de Contas a documentación que faltaba, solicito que se teña por cumprimentado o requirimento recibido e que se teña por rendida a Conta xeral da Deputación da Coruña de 2023 (integrada pola da propia entidade, a do Consorcio provincial contra incendios e salvamento e da Fundación FAEPAC), sen incidencia ningunha.

A Coruña, 21 de outubro de 2024.

O Presidente,

Valentín González Formoso.



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
Rúa Domingo Fontan 7. SANTIAGO DE COMPOSTELA. 15702

Solicitud xenérica

DIR3 I00001328 SIA 2427562

Datos do interesado

Tipo de persona Núm. de identificación Razón Social

Xurídica	P1500000C	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
----------	-----------	---------------------------------

Datos do representante

Tipo de persona Núm. de identificación Nome Primeiro apelido Segundo apelido

Física	33277590V	JUAN BAUTISTA	SUÁREZ	RAMOS
--------	-----------	---------------	--------	-------

Poder de representación que ostenta

Posúo un mandato asinado polo Interesado que me habilita a realizar este trámite no seu nome

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación Email Móbil

Electrónica	juan.suarez@dacoruna.gal	686325408
-------------	--------------------------	-----------

Expón

Con respecto á rendición da Conta xeral de 2023 (EXPTE. 2024-E-RC-1886), achégase escrito de alegacións complementarias, asinado polo Presidente da Deputación, co fin da dar resposta á incidencia relativa á Nota 27 da Memoria, segundo foi explicada no escrito remitido polo Sr. Conselleiro da Área de Corporacións locais con data de 15 de outubro de 2024. Os demais documentos requiridos naquel escrito xa foron debidamente presentados a través da Plataforma de rendición de contas (Memorias do custo e rendemento dos servizos públicos -da propia entidade e do Consorcio provincial contra incendios-, informe de auditoría da Conta xeral do Consorcio e certificado no que consta a aprobación da Conta xeral consolidada, integrada pola da propia entidade, a do Consorcio provincial contra incendios e salvamento e a da Fundación Axencia Enerxética da Provincia da Coruña-FAEPAC. 2024

Solicita





Pregamos que incorporen ao expediente de rendición de contas (2024-E-RC-1886) este escrito complementario de alegación e que, logo dos trámites e informes preceptivos, teñan por rendida sen incidencia ningunha a Conta Xeral da Deputación da Coruña correspondente ao exercicio 2023

Documentación Obrigatoria

Mandato de representación	Obrigatorio
Forma de Achega	
<input type="text" value="Decido achegalo eu mesmo"/>	
Achegado	Resolución encomienda funciones Intervención- RP núm. 29079
HASH: 3101382c58fa62fef5d6a7c877ce50d86294f45c Validez: Orixinal	

Documentación adicional

(*) En virtude do artigo 28.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados poderán achegar calquera outro documento que estimen conveniente

Achegado ALEGACIONES AS INCIDENCIAS DETECTADA POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CON RESPECTO Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023

HASH: 73de0713d068101a495d7b6bbbecbf01b629290c Validez: Orixinal





Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Consello de Contas de Galicia Consello de Contas de Galicia
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/privacy

Firma

Data e hora de autenticación	24/10/2024 12:10
Apelidos, Nome	SUÁREZ RAMOS, JUAN BAUTISTA
Núm. de identificación	33277590V
Provedor de identidade	Sede Electronica
Sistema de identidade	Certificado recoñecido de firma
Nivel de seguridade	Medio
IP	85.91.67.79
Número de serie	7dbf5ed146b2e41df8
SHA256	98:23:C7:2F:C0:90:B5:78:91:C2:6F:5B:D4:AD:41:70:99:8C:BB:35:55:67:55:85:A3:52:67:11:4F:D9:96:7F
Ide sesión	0000106d11qi469twkss1q700n5prfzpzxw8xd5t1lxb3r3v59v

Declaro que é certo o contido deste documento e confirmo a miña vontade de asinalo





Entidade : DEPUTACIÓN DE A CORUÑA
NIF : P1500000C
Asunto : RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023

O artigo 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, impón ás entidades locais a obriga de rende-las súas contas, e as de tódolos organismos e sociedades delas dependentes, antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren.

Examinada a Conta Xeral remitida a este Consello pola entidade referenciada correspondente ao exercicio 2023, feitas as comprobacións oportunas para verificar que a mesma cumpre con todos os requisitos relacionados na Instrución do Consello de Contas aprobada mediante Acordo de 6 de marzo do 2020 adoptado polo seu Pleno, que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de Contas, e analizada a coherencia interna da información nela contida, comunícolle que se apreciaron incidencias de coherencia nos estados contables que se recollen no anexo que acompaña o presente escrito.

Recibiuse un informe de auditoría de contas con opinión modificada en relación ao Consorcio Contra Incendios e Salvamento Provincial da Coruña, aínda que se aprecian avances en relación á situación posta de manifesto en informes de auditoría anteriores.

Como resultado, a conta xeral ten a consideración de conta rendida con incidencias de coherencia nos estados contables, con data 10/09/2024, sen prexuízo de que a mesma poida ser obxecto de posteriores fiscalizacións.

Esta consideración da conta xeral significa que non é imprescindible a corrección dos defectos comunicados na conta xeral actual, pero prego que os tomen en consideración para a súa emenda en exercicios futuros.

Porén, de desexar a corrección da incidencias sinaladas na conta xeral actual, deberán no seu caso, solicitar a apertura da conta na Plataforma de rendición telemática, e proceder de acordo co procedemento telemático.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Simón Rego Vilar
Conselleiro da Área de Corporacións Locais.



RECIBO DE PRESENTACIÓN EN OFICINA DE REGISTRO

Oficina: Anotación de Aplicaciones de la Subdirección General Económico-Financiera - 000032064
Fecha y hora de registro en: 14/10/2024 10:37:35 (Horario peninsular)
Fecha presentación: 14/10/2024 10:37:34 (Horario peninsular)
Número de registro: REGAGE24e00078084508
Tipo de documentación física: Documentación adjunta digitalizada
Enviado por SIR: No

Interesado

NIF: 32430072A Nombre: JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO
País: Municipio:
Provincia: Dirección:
Código Postal: Teléfono:
Canal Notif: Correo josemaria.perez@dacoruna.gal
Observaciones:

Información del registro

Tipo Asiento: Entrada
Resumen/Asunto: Firma SGCIEF
Unidad de tramitación origen/Centro directivo: Subdirección General de Coordinación de la Información Económico-Financiera - EA0023034 / Ministerio de Hacienda - E05250001
Unidad de tramitación destino/Centro directivo: Subdirección General de Coordinación de la Información Económico-Financiera - EA0023034 / Ministerio de Hacienda
Ref. Externa:
Nº. Expediente: F_SGCIEF_EELL_FICH_CTA_GRAL_20241014103734050586

Adjuntos

Nombre: TextoFirma.txt
Tamaño (Bytes):
Validez:
Tipo: Documento Adjunto
Hash: 1E331A2F60748ACD187C2B4BA059227EAA895E7CA8FB3291D5D75CBB733F925FA96B4BF7461C839CBC42497BF94968CFE90D1E9F36C0F2F43DF58852F262D91D
Observaciones: Fichero con el texto de la firma

El registro realizado está amparado en el Artículo 16 de la Ley 39/2015.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley 39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil.
Podrán consultar el estado de su registro en Carpeta ciudadana. <https://sede.administracion.gob.es/carpeta/>
La documentación adjunta estará disponible para su consulta y descarga durante un período de un año.

ÁMBITO-PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-0a94-ed22-a282-4cb4-a962-9f4d-8914-cf0f	14/10/2024 10:37:35 (Horario peninsular)
Nº REGISTRO	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	VALIDEZ DEL DOCUMENTO
REGAGE24e00078084508	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original

Adjuntos	
Nombre:	V15859481_2023_NOR_CUENTAS-ANUALES.zip
Tamaño (Bytes):	
Validez:	
Tipo:	Documento Adjunto
Hash:	7C38684DA7742D36F6942A8A8D2E213B5AE7D9CB1A4FC04C60D2F91508BC821181EF1FDB931A2D8EE0667227C4C551D498530759B765F5286BDCDEDDA0D8001D
Observaciones:	Fichero aportado por el usuario
Nombre:	11-00-010-CC-000_INFORME_DEFINITIVO_AUDITOR_A_2023.zip
Tamaño (Bytes):	
Validez:	
Tipo:	Documento Adjunto
Hash:	B5817E8F20254E758D75AD5A2131672CD811D8EE442DA01B95B6D2C809D36D5C06F36047FFC00E2FF448CCBA3A8A7CB60F64A34C6D0E8649392456295DDAD62D
Observaciones:	Fichero aportado por el usuario
Nombre:	11-00-010-CC-000_MEMORIA_DEMOSTRATIVA_CUMPRIMENTO_DE_OBXECTIVOS_2023.zip
Tamaño (Bytes):	
Validez:	
Tipo:	Documento Adjunto
Hash:	85A74F88EDF71C46A0B1E167616A5810B4BE86C8E5E68F6BDFDDA9F9BCDBA57B221C66D10E6F096D380CF54748498F15FA7B28B68F1501430D11A626ADE1C841
Observaciones:	Fichero aportado por el usuario
Nombre:	11-00-010-CC-000_ACTA_ARQUEO_E_CERTIFICADOS_BANCARIOS_2023.zip
Tamaño (Bytes):	
Validez:	
Tipo:	Documento Adjunto
Hash:	8180A40F11DCCCF752711C033C298D0B31562E994CCF830D00E609B1F245C560DF5B2308FA0C2E33CDF0919ACF5CC550B61BBABBE967B2077035822B24D13C64
Observaciones:	Fichero aportado por el usuario
Nombre:	11-00-010-CC-000_MEMORIA_DE_CUSTOS_DOS_SERVIZOS_PUBLICOS_2023.zip
Tamaño (Bytes):	
Validez:	
Tipo:	Documento Adjunto
Hash:	F7B00B357B5B713A77C0975D6383E80D388F6F7F2D4E64B182076D78FE8511C6B8DBCE1EC27E64CECA4635116CBB9E977A4E867BCDC8472C73E44A85967C968A
Observaciones:	Fichero aportado por el usuario

Formulario Presentación

Título: Firma SGCIEF

Sección Principal

CodigoAsunto

SGT_SGCIEF

El registro realizado está amparado en el Artículo 16 de la Ley 39/2015.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley 39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil. Podrán consultar el estado de su registro en Carpeta ciudadana. <https://sede.administracion.gob.es/carpeta/>
La documentación adjunta estará disponible para su consulta y descarga durante un período de un año.

ÁMBITO-PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-0a94-ed22-a282-4cb4-a962-9f4d-8914-cf0f	14/10/2024 10:37:35 (Horario peninsular)
Nº REGISTRO	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	VALIDEZ DEL DOCUMENTO
REGAGE24e00078084508	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original

Codigo Expediente Interno

F_SGCI EF_EELL_FICH_CTA_GRAL

Presentador

32430072A JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO

ClaveConcertada

32430072A, 14/10/2024 09:37:12, 15/10/2024 09:37:12

HashFicheroTextoFirma

1E331A2F60748ACD187C2B4BA059227EAAB95E7CA8FB3291D5D75CBB733F925FA96B4BF7461C839CBC42497BF94968CFE90D1E9F36C0F2F43DF58852F262D91D

Código seguro de Verificación : GEISER-0a94-ed22-a282-4cb4-a962-9f4d-8914-cf0f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

El registro realizado está amparado en el Artículo 16 de la Ley 39/2015.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley 39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil. Podrán consultar el estado de su registro en Carpeta ciudadana. <https://sede.administracion.gob.es/carpeta/>
La documentación adjunta estará disponible para su consulta y descarga durante un período de un año.

<u>ÁMBITO-PREFIJO</u>	<u>CSV</u>	<u>FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO</u>
GEISER	GEISER-0a94-ed22-a282-4cb4-a962-9f4d-8914-cf0f	14/10/2024 10:37:35 (Horario peninsular)
<u>Nº REGISTRO</u>	<u>DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN</u>	<u>VALIDEZ DEL DOCUMENTO</u>
REGAGE24e00078084508	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original